

DEAD MAN

Jim Jarmusch, 1995

575

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 8 e 14 de agosto | V.O.S.E. | +13

Dead Man (1995, 120')

Dirección: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Elenco: Johnny Depp, Gary Farmer, Lance Henriksen, Michael Wincott, Crispin Glover, Iggy Pop, Robert Mitchum, Steve Buscemi, Alfred Molina, Gabriel Byrne, John Hurt, Mili Avital, Eugene Byrd, Billy Bob Thornton, Jared Harris

Son: Robert Hein

Dirección de arte: Ted Berner

Vestuario: Marit Allen

Montaxe: Jay Rabinowitz

Música: Neil Young

Fotografía: Robby Müller

Produtora: Pandora Film, Bac Films, Newmarket Capital Group, JVC Entertainment Networks, 12 Gauge Productions (EEUU)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 1995 (Sección Oficial),
Independent Spirit (4 Nominacións),
Premios do Cinema Europeo 1996
(Mellor Filme Internacional)

FILMOGRAFÍA

Los muertos no mueren, 2019

Paterson, 2016

Gimme Danger, 2016

Só os amantes sobreviven, 2013

Los límites del control, 2009

Flores rotas, 2005

Coffee and Cigarettes, 2003

Ghost Dog, o camiño do samurai, 1999

Year of the Horse, 1997

Dead Man, 1995

Noite na terra, 1991

Mystery Train, 1989

Down by Law [Baixo o peso da lei], 1986

Estraños no paraíso, 1984

SINOPSE

William Blake decide abandonar o seu posto de contábel en Cleveland (Ohio) despois de recibir unha oferta de traballo en Machine, unha inhóspita cidade industrial no Oeste dos EEUU. Porén, cando chega, resulta que o seu posto está ocupado por outra persoa. Charlie Dickinson, o fillo do propietario da empresa, mata a súa muller cando a atopa na cama con Blake, quen á súa vez liquida a Charlie. Deste xeito, un simple contábel de Cleveland convértese nun fuxitivo perseguido por tres cazadores de recompensas.

«Hipnoticamente absorbente, impulsado polo característico humor fóra de ton de Jarmusch e embelecido por un electrizante Neil Young.»

Jacob Levich, TV GUIDE

NOCTU RAMA



«'Dead Man' ten un ritmo próximo aos clásicos do cinema xaponés»

Entrevista con **Jim Jarmusch**

Por *Jonathan Rosenbaum*

Sei que o pasaxe principal de William Blake que Nobody [Gary Farmer] cita no filme —Cada noite, cada mañá/ Algúns nacen na miseria/Algúns nacen para o doce deleite/Algúns nacen na noite sen fin— é de *Anguries of Innocence*. Pero sóame que algunhas liñas proceden de *Proverbs of Hell*.

Nobody di: «A aguiña nunca perdeu tanto tempo como cando se prestou a aprender do corvo». E cando el e William Blake se atopan de novo cara ao remate do filme, Nobody di: «Conduce a túa carreta e o teu arado sobre os ósos dos mortos».

O divertido é que no filme semellan proverbios indios. Si, esa era a intención. Blake entrou no guión xusto antes de comezar a súa escrita. Había unha chea de citas que ficaron fóra do filme e que parecían propias de nativos americanos. «Da auga estancada espera veneno» ou «O corvo desexaba que todo fose negro, a curuxa que todo fose branco». E Nobody cita *The Everlasting Gospel* cando está na factoría: «A túa visión de Cristo/É a miña visión do meirande inimigo».

Que metraxa tiña o primeiro corte sobre o que Neil Young improvisou a banda sonora? Dúas horas e media. Negouse a que se parase a proxección en ningún momento. Fixo tres gravacións en

dous días. Neil pediume unha listaxe de momentos do filme nos que eu precisaba música, e empregounos como unha caste de mapa. O resultado final é a súa reacción emocional á película. Logo Neil veu a Nova York facer as mesturas e practicamente non mudamos nada sobre o que el fixo.

A túa montaxe final estivo moi influenciada polo que el gravou?

Estrañamente non. Ou se cadra si, pero non conscientemente. O filme final dura dúas horas e case nada da música de Neil ficou fóra, co que está claro que non cortamos moito a partir da música.

Coido que *Dead Man* é, xunto con *Estraños no paraíso* (1984), o teu filme que establece un ritmo propio, diferente aos demais. Pode ter que ver co uso dos fundidos a negro? Si, creo que tes razón. Pero eu son a persoa menos indicada para analizar o meu traballo e odio revisar o que xa teño feito. Por desgraza tiven que ver *Estraños no paraíso* para preparar o seu lanzamento en laserdisc nos Estados Unidos e creo que ambos filmes teñen un ritmo moi particular que agroma das propias historias. Non parecen impostas desde fóra como *Baixo o peso da lei* [*Down by Law*] (1986) cun formato episódico máis controlado. Teñen un ritmo estraño, próximo aos clásicos do cinema xaponés. Durante a rodaxe tiñamos en mente que cada escena se resolvese autonomamente, sen ser determinada pola seguinte imaxe.

Cando Blake vaixa cara ao oeste en tren e ve outros pasaxeiros disparando

aos búfalos hai unha liña de texto que di: «Un millón foron asasinados o último ano». Coido que en 1875 á volta dun millón de búfalos foron asasinados co apoio do goberno que dicía: «Sen búfalos non hai indios». Tentaron introducir a vía de ferro e tiveron moitos problemas cos Lakote e outras tribos. Teño nalgures uns libros con gravados dun tren atravesando as grandes chairas cunha chea de homes a disparar sobre as mandas de búfalos.

Os diálogos en idiomas nativos non foron subtitulados. Non, non quixen. Quería que fose un pequeno agasallo para aqueles que aínda comprenden estes idiomas.

Teño a sensación de que este é o teu primeiro filme político. A túa visión de América é máis escura que nos teus filmes anteriores. Coido que é bastante escura si, pero creo que todo se pode definir e analizar de xeito político. En todo caso estou orgulloso do filme porque presenta, na superficie, unha historia simple e unha metáfora da viaxe física que se emprende. Temos dous personaxes solitarios de orixes moi diferentes que, polas razóns que sexa, se atopan afastados das súas respectivas culturas. Pero ao mesmo tempo a historia permíteme tratar moitos outros temas: a violencia, as armas, a historia de América, o sentido do lugar, a espiritualidade, William Blake e a poesía, o recoñecemento, os fóra da lei. E creo que funcionan porque se tratan de maneira sutil.

Publicado en www.jonathanrosenbaum.net
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax